


1. A **aridez** é a ausencia ou escaseza de humidade, produto de situacións atmosféricas ou climáticas que ocasionan a ausencia ou déficit das precipitacións, forte insolación, etc. Cando se supera o límite de aridez, na que o volume de precipitacións e a evaporación se igualan, comeza a fase do *déficit hídrico* que limita a vexetación e a potencialidade agraria do lugar. Existen unha serie de fórmulas que relacionan diversos factores (precipitación, temperatura, etc.) para determinar o grao de aridez dun clima nun lugar concreto. Entre este pódese citar o de **Gausson**, que indica que un mes é árido cando o valor da precipitación é inferior ou igual a dúas veces o valor da temperatura ($P \leq 2T$).


2. **Barlovento** é a parte dun relevo ou zona orientada cara ao lugar de onde vén o vento. En Galicia, cando domina o fluxo zonal do oeste, a vertente de barlovento das dorsais montañosas é a occidental, máis húmida, mentres que a de sotavento, a oriental, se caracteriza por unha menor pluviometría.




3. A **inversión térmica** incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. Deste xeito atopamos o ar máis cálido sobre o máis frío. Esta situación pode darse tanto a nivel da superficie terrestre como a grandes alturas. A nivel do solo é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceo despechado nunha situación anticiclónica invernal, na que se produce unha perda rápida de calor do solo. Tamén pode producirse por advección de ar cálido sobre unha masa de ar ou superficie máis fría. Estas inversións son moi intensas nos fondos de val.



4. Unha **isóbara** é unha isoliña que, nun mapa meteorolóxico, une os puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar. O conxunto de todas elas configuran os cambios de presión. Habitualmente represéntanse os múltiplos de 4 hPa (hectopascals) ou mb (milibares) (1000, 1004, 1008, 1012,...), unidade de medida da presión.



5. Unha **isohieta** é, nun mapa de isoliñas, unha liña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións.



6. O **avesedo** (*umbría*) é a parte dun terreo en que case sempre fai sombra, por estar exposta ó norte, no noso hemisferio.